

PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS AXUDAS ESCOLARES E PARA COMEDOR

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL para a súa resposta no Pleno sobre as axudas escolares e para comedor.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No anterior mandato municipal o Concello de Santiago realizou un importante esforzo para aumentar as axudas escolares e para comedor alcanzando no ano académico 2018-2019 a cifra de 586.000 € para 1.165 axudas. Tendo en conta que o punto do que partíamos eran os 130.000 € que tiña orzamentado o goberno do PP no ano electoral de 2015, e que nos cursos anteriores tiña sido moito menos os avances foron moi notables. Así mesmo, no programa electoral do PSdG-PSOE, no capítulo COMPOSTELA, CIDADE EDUCADORA aparece a seguinte medida:

21. Garantiremos que ningún neno/a quede sen acceder ao comedor escolar por falta de recursos na súa familia, e que as solicitudes de bolsas de comedor estean resoltas ao inicio do curso escolar.

A finais de agosto a edición de Santiago de *La Voz de Galicia* alertaba de posibles demoras e de que o Concello *"ha recibido solicitudes de 1.327 alumnos para las dos modalidades de ayudas escolares que tienen. Las relacionadas con el comedor escolar han sido 915"*. Unha vez que o curso escolar leva máis dun mes iniciado, e tendo en conta que, a data de hoxe este grupo municipal non ten máis información, fórmulase a seguinte pregunta:

- Cantas solicitudes ten recibido o Concello de Santiago de axudas escolares e para comedor? Teñen sido todas aceptadas ou cantas teñen sido rexeitadas? Que previsión ten o goberno para a publicación da súa resolución definitiva?

Santiago de Compostela, 16 de Outubro de 2019

Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA